

ARGUMENTOS PARA O DEBATE DA AUGA

A única proba posible"
,da existencia da auga
,a máis convincente
a mais intimamente verdadeira
"é a Sede
Franz Van Baader

-A SITUACIÓN NO MUNDO-

O 10 de decembro de 1948, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas aprobou e proclamou a Declaración Universal de Dereitos Humanos:

“Artigo 3.

Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Artigo 25.

1. Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e ao benestar, e en especial á alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios; ...

Artigo 30.

Nada nesta Declaración poderá interpretarse no sentido de que confire dereito algún ao Estado, a un grupo ou a unha persoa, para emprender e desenrolar actividades ou realizar actos tendentes á supresión de calquera dos dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración.”

Todas as declaracións de dereitos humanos da ONU, con relación a auga, son pouco explícitas.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas do 26 de Xulio de 2010:

“Declara o dereito a auga potable e ao saneamento como un dereito humano esencial para o pleno gozo da vida e de todos os dereitos humanos.

A Carta Europea da Auga, redactada en Estrasburgo o 6 de maio do 1968, fai unha declaración de principios para unha correcta xestión da auga concretado en 12 artigos:

Art.1. Non hai vida sen auga. A auga é un tesouro indispensable para toda actividade humana

Art.10. A auga é un ben común, cun valor que debe ser coñecido por todos. Cada persoa ten o deber de aforrala e usala con coidado

Art.12. A auga non ten fronteiras. É un ben común que require a cooperación internacional.”

Introduce o concepto das diferenzas de clase, no acceso a auga

Na Conferencia “Auga e Seguridade Nacional” na Universidade Iberoamericana (UIA) Puebla, de Mexico organizada polo departamento de Ciencia e Tecnoloxía en abril de 2008, o doutor Gian Carlo Delgado Ramos, integrante do *Centro de Investigaciones Interdisciplinarias en Ciencias y Humanidades de la Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM)*, dixo:

E escasez non pode ser un argumento para a privatización, xa que cando a auga se convirte en negocio, o que se quere non é que se aforre, senón que se gaste, e así aumentar os beneficios. Amais, nas dinámicas de mercado, cando mais escaso é un ben

“O acceso e o uso da auga tamén é cuestión de clases, xa que o 12 por cento da poboación mundial consume o 85% da auga doce dispoñible no planeta”.

“nun futuro non moi lonxano o consumo de auga será solo un privilexio para aqueles que podan pagalo. Para o 2025 o 40% da poboación vivirá con problemas de consumo de auga.”

“Ainda que a privatización da auga non é tan notoria como a de Petróleos Mexicanos (Pemex), é un proceso que se está dando e que en poucos anos traerá graves problemas de seguridade nacional a poboación do país e do mundo”

A Carta Africana sobre os Dereitos Humanos e dos Pobos (Carta de Banjul), Aprobada o 27 de xullo de 1981, durante a XVIII Asemblea de Xefes de Estado e de Goberno da Organización para a Unidade Africana, reunida en Naerobi, Kenya).

“Artigo 21.

Sin facer alusión a auga, a defensa dos recursos naturais contra a expoliación extranxeira é a prioridade en Africa

1. Todos os pobos disporán libremente das súas riquezas e recursos naturais, este dereito será exercido no exclusivo interese do pobo. En No caso de espoliación, o pobo despoñido terá dereito á recuperación legal da súa propiedade así como a unha compensación adecuada.
2. O dereito a dispor libremente das riquezas e recursos naturais será exercido sen prexuízo da obriga de promover a cooperación económica internacional baseada no respecto mutuo, o intercambio equitativo e os principios do dereito internacional.
3. Os Estados asinantes da presente Carta exercerán, individual e colectivamente, o dereito a dispoñer das súas riquezas e recursos naturais con vistas a reforzar a unidade e a solidariedade africanas.
4. Os Estados asinantes da presente Carta comprometeranse a eliminar toda forma de explotación económica estranxeira, especialmente a practicada polos monopolios internacionais, co fin de posibilitar que os seus pobos sexan plenamente os beneficiados das vantaxes derivadas dos seus recursos naturais.”

No Foro de Davos (Suíza), 3 de febreiro de 2009, salta a alarma sobre os recursos da auga:

En menos de 20 anos, a carencia de auga poderá facer que se perdan na India e nos Estados Unidos a totalidade das súas colleitas mentres que ao mesmo tempo a demanda alimenticia debería aumentar moito, segundo un relato publicado polo Foro económico mundial en Davos (Suíza). Segundo os autores da reportaxe moitos lugares no mundo están xa baixo a mirada de atención por unha grande carencia de reservas e de auga, provocados polas burbullas especulativas sobre este recurso durante os últimos 50 anos. As necesidades de auga par a produción enerxética deberían aumentar nun 165% nos EEUU e un 130% na UE, segundo a reportaxe, que se alarma da redución de recursos para a agricultura que se derivaran desta situación. O reportaxe haberán desaparecido no 2100 de seguir o ritmo actual a súa degradación. Por outro lado uns 70 ríos importantes no mundo están practicamente desecados polos sistemas de regadío. Para o WEF (Foro Económico Mundial), a auga transformarase de aquí a 20 anos no motivo maior de investimentos, maior aínda que o petróleo.

O Tribunal Latinoamericano da Auga, no ano 2009, fixo a Declaración Latinoamericana da Auga.

A día de hoxe é Latinoamérica o territorio onde hai unha maior sensibilidade co tema da auga, por parte dos gobernos e da poboación, cos plantexamentos mais avanzados no social

“A auga é un elemento primordial na natureza. É artífice da biosfera e escultora da Terra. A Terra é o planeta da auga. En consecuencia, o dereito fundamental á vida supón o dereito fundamental á auga.

A causa da inxusta carencia de auga que agobia a millóns de latinoamericanos no é a escaseza natural do precioso líquido, senón o cúmulo de políticas inadecuadas,...”

“Declara:

Primeiro O dereito á auga é un dereito fundamental, inherente á vida e dignidade humanas. A poboación da rexión latinoamericana é titular do dereito fundamental á auga en adecuada cantidade e calidade.

Segundo Todas ás mulleres e homes Latinoamericanos teñen os mesmos dereitos de acceso e idénticas opcións aos beneficios dos corpos de auga e sistemas hídricos da rexión.

Terceiro A auga da rexión é patrimonio común das presentes e futuras xeracións de América Latina. A súa conservación e uso sostido é unha obriga compartida dos Estados, das colectividades e da cidadanía.

Cuarto O coidado das augas e a súa provisión é un asunto de xustiza ambiental. Os e as latinoamericanos teñen dereito a unha pronta e efectiva xustiza ambiental, co propósito de garantir o exercicio pleno dos seus dereitos fundamentais e ambientais.

decisións que afecten ou poidan afectar aos corpos de auga e sistemas hídricos a nivel local, nacional e internacional.

A consulta cidadán debe ser procedemento obrigatorio nestes casos.

É fundamental a alusión ao xénero, as mulleres son sempre quen mais sofre coa falta de auga

Participación da poboación nas decisións sobre a auga

Sexto A poboación Latinoamericana ten dereito á información sobre o estado actual e tendencias dos corpos de auga e sistemas hídricos. O dereito á información comprende o coñecemento e a investigación científica sobre as conchas hidrográficas, corpos de auga e ecosistemas asociados.

Sétimo A poboación latinoamericana ten dereito á inversión dos recursos financeiros e institucionais necesarios para garantir o exercicio pleno do seu dereito fundamental á auga. No mesmo sentido, ten dereito á compensación e pago da débeda ecolóxica nos casos de dano aos corpos de auga e sistemas hídricos.”

Maude Barlow, Premio Nobel Alternativo no 2005, nunha entrevista realizada por Fernando Arellano Ortíz á coautora o libro "El Oro Azul":

“¿En qué consiste o apoio do Banco Mundial ás empresas que queren privatizar a prestación do servizo da auga?

Nalgúns países a privatización ben da man de grandes inversións na captación e subministro feitas por empresas privadas, que logo teñen a exclusiva do uso do acuífero.

Maude Barlow: O Banco Mundial e os bancos de desenvolvemento rexional como o BID garanten moi boas ganancias ás empresas que aspiran a privatizar a auga, pois elas sinalaron con toda claridade que prestarán o servizo de distribución do líquido sempre e cando sexa un negocio rendible, do financiamento no sentido de axudar a esas empresas para que a súa rendibilidade nas cidades ou países sexa atractiva cando as tarifas non compensen ás aspiracións destas. O argumento que dan para privatizar é que as compañías traen inversión e eficiencia e tense demostrando que non se da nin o un ni o outro. O certo é que as empresas públicas asumen o risco e as veces algunhas perdas, en cambio as privadas so se quedan coas ganancias. Agora as Nacións Unidas aconsella que naqueles lugares do sur onde se privatizou o servizo, os gobernos retomen o control da auga porque precisase dunha responsabilidade pública e social no manexo del mesmo.

Pero xa existen transnacionais que están patentando marcas de auga...

Outro xeito de privatización é a das concesións de fontes de auga doce para o embottellado.

Maude Barlow: Hai compañías como Coca-Cola e Pepsi, que van polo mundo buscando fontes de auga doce. Chamaselles "cazadores de auga". No meu país, Canadá, están en todos os lados. Estas multinacionais chegan a unha comunidade, explotan as fontes de auga e abandonan o lugar. Outras instálanse para vender auga embottellada que é un xeito de mercantilizar este recurso natural. Isto fai ver a auga como una mercadería.

¿Os tratados de libre comercio atentan contra o manexo público da auga nunha nación?

Existen Tratados de Libre Comercio que consideran a auga como unha mercadería

Maude Barlow: Sí, nos tratados de libre comercio que impulsan os Estados Unidos a auga é incluída como una mercadería. A neve, o xeo e a auga, segundo o desaparecido GATT (siglas en inglés do Acordo Xeral sobre Aranceis e Comercio que foi substituído pola OMC), deben ter o carácter de mercancías e así disfrazase nos TLC. Isto significa que si un país comeza a exportar auga aos Estados Unidos, por exemplo, non podería entón pechar a chave, porque firma un compromiso irreversible. Isto asemellase á comercialización do petróleo, no sentido de que no caso de incumprir un contrato, la parte afectada pode demandar compensación financeira do goberno. Si Latinoamérica empeza a exportar auga, esta convertese nun recurso compartido e as corporacións, segundo estipula a matriz dos TLC, teñen dereito a demandar por compensación económica.”

Galicia Hoxe.com 23-03-2010, no día mundial da auga, o artigo de Rebeca Fernández titulado, A auga un negocio sucio:

“As ONGD esixen que se deixe de considerar como un recurso de mercado. Evo Morales proponlle á ONU unha declaración para que a blinde como dereito humano.

“A auga debe ser un dereito universal, non un negocio”. A Coordinadora de Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento do Estado advertiulle onte á presidencia española de que o acceso á auga é “un dereito humano” e reclamoulle que deixe de considerar os servizos asociados “como un recurso económico, suxeito, xa que logo, ás normas do mercado”.

Precisamente onte, o presidente de Bolivia, Evo Morales, anunciou que o seu Goberno proporalle á ONU unha declaración para que o acceso ó auga potable e o saneamento básico sexan considerados un dereito humano universal. Morales presentou esta declaración que insta os Estados e ao sistema de Nacións Unidas a promover o respecto ao dereito á auga e a impulsar medidas progresivas nacionais e internacionais para a súa aplicación universal e efectiva.”

Galicia Hoxe.com 23-03-2010

Aínda en febreiro, na Galiza mirabamos para a privatización da auga como un problema de países en vías de desenrolo, sen reparar en que nas nosas cidades e vilas está privatizado o subministro.

Existen exemplos claros de espoliación do recurso auga, por parte das multinacionais

“Unha comisión governamental da rexión india sureña de Kerala esixiulle onte a Coca Cola o pagamento dunha indemnización de 2.162 millóns de rupias (uns 47 millóns de dólares) pola contaminación das augas e os efectos na saúde e a agricultura dunha planta da firma que se pechou en 2004. O comité, encabezado polo secretario adxunto do Executivo de Kerala, K. Jayakumar, presentou onte as conclusións dun estudo que pide a creación dun tribunal para indemnizar os veciños de Plachimada, municipio onde a compañía de bebidas tivo unha planta entre 1999 e 2004. “O que descubrimos é que a compañía cometeu un delito que pode ser castigado”, dixo Jayakumar.”

En Francia Inglaterra e Gales, impúxose a Privatización da Xestión dos servizos de auga e alcantarillado

-SITUACIÓN EN EUROPA-

No documento de debate da rede por un modelo público da auga publicado en xaneiro de 2009 por *Transnational Institute* e *Corporate Europe Observatory* dinse cousas como:

Comercializan, sacan lucro por medio do subministro con empresas oficialmente públicas

“Debido a crecente preponderancia das políticas neoliberais desde os anos 80, a privatización e comercialización de servizos públicos básicos converteuse nunha tendencia política dominante en Europa.”

“a externalización e a introdución de mecanismos de *nova xestión pública* desembocaron na *comercialización dos servizos de auga* e da administración dos

recursos de moitos municipios e operadores públicos en que **as empresas de auga seguiron sendo oficialmente públicas**”

Non debemos esquecer o aspecto cultural da auga, aínda que en moitos lugares reflexe desigualdades sociais.

“A pesar da presión política para a liberalización dos mercados e para comercializar empresas do sector público, segue habendo moitas compañías públicas que están levando a cabo unha boa labor e que poden considerarse progresistas”

“... a discusión sobre o carácter de ben común dos servizos de auga e saneamento é fundamentalmente unha cuestión de decisións políticas e normativas.”

“**A auga é tamén un importante ben cultural, e as diferentes sociedades desenrolaron historicamente distintas culturas da auga.**”

“Hai dous puntos fortes que se poden atopar en case todas as empresas de auga públicas de Europa: o firme compromiso co subministro dun servizo universal e o alto grado de capacidade para cumprir con ese compromiso. Outro factor positivo é o acento posto nos aspectos cualitativos dos servizos de auga potable e alcantarillado. Nalgúns casos a calidade da auga do grifo pode competir facilmente coa auga embotellada.”

“Un asunto mais complexo é a cuestión social do acceso a auga. Aínda que **o servizo universal é un principio fundamental** e case sempre respectado en Europa, a **súa vertente social** non adoita reflectirse.”

-SITUACIÓN NO ESTADO ESPAÑOL-

Os dereitos da auga van ligados a terra, polo que en moitas zonas do sur o prezo da terra agraria de regadío é prohibitivo

Pedro Arrojo Agudo, do Departamento de Análise Económico da Universidade de Zaragoza, no seu traballo titulado “*Los oscuros caminos de la privatización del agua en España*”, di:

“**Tradicionalmente as augas soterradas foron consideradas privadas** e a posibilidade legal de compra-vender eses dereitos de propiedade estivo e está vixente no noso país, nin sequera a Lei de augas de 1985, que tendeu a estender o dominio público hidráulico sobre o conxunto do ciclo hidrolóxico, incluíndo as augas soterradas, conseguiu modificar de xeito apreciable esta realidade).”

“**en Almería**, desde 1993 ao 2001 os prezos pagados polo metro cúbico subiron apenas un 25% (o custe da vida), mentres **o valor do solo agrario se duplicaba**,....As claves do fenómeno son evidentes. Un empresario que desexe estender a súa superficie de invernadoiro, no que se refire aos dereitos da auga, ten dúas opcións: acudir aos mercados existentes e pagar o que corresponda, ou ben perforar un novo pozo a marxe da legalidade.”

No Estado, tamén en Galiza, as infraestruturas de subministro e depuración fixéronse e fanse con cartos públicos e despois privatizase o servizo.

“O Partido Popular (no goberno de Aznar) aportou un novo elemento a través da **Reforma da Lei de Augas: a legalización dos libres mercados de dereitos concesionais de augas públicas** (en xeral superficiais). Si combinamos esta reforma coa posterior aprobación do Plan Hidrolóxico Nacional, baseado na política de transvases cara ó eixo mediterráneo, sobre a base dunha masiva subvención pública, atopámonos cun marco preocupante de institucionalización da corrupción. A combinación de subvención pública e da liberalización dos mercados inducirá sen dubida sinerxias con afeitos demoledores como inmorais, xa que **se poderá especular con dereitos de augas previamente subvencionados polo erario público.**”

A privatización do subministro e da depuración das augas das cidades, no estado español, fíxose sen contestación, logo de deteriorar a imaxe

“os **mercados de dereitos da concesión**, no lugar de racionalizar, dende o punto de

vista económico, a xestión das augas superficiais, proxectará ás súas **perversións especulativas agravando a sobre-explotación dos acuíferos.**”

“**mais do 50% dos servizos municipais de augas foron pasando a máns privadas**, ... No noso país, a diferenza da maioría dos países da UE, ese proceso nin sequera está sendo controlado por leis e institucións de *regulación*. O brutal proceso de anorexización da función pública ao que nos van sometendo as presións dos grandes poderes globalizadores (Banco Mundial+Foro Monetario Internacional+ Organización Mundial do Comercio,...) xunto a degradación burocrática da función pública, van sendo discretamente conducidos pola dereita cara á privatización pretendidamente “redentora” “eficiente” e “modernizadora.””

O uso de auga para producir alimentos para a poboación, pero debemos diferenciar os negocios agrarios especulativos

“**Non é o mesmo o uso básico da auga como alimento que a auga nas súas actividades económicas**”... “dentro das actividades produtivas non é o mesmo a auga que necesita un labrego humilde para sobrevivir traballando unha pequena horta, que a auga que necesita unha grande empresa agraria nas súas actividades de *agri-business*. **É necesario distinguir o que son funcións básicas de vida** do que debería catalogarse como usos económicos lícitos, pero de interese económico e privado (auga-business)”

“... ás veces xustifícase, en nome do *interese xeral*, *subvencións perversas* que, lonxe de beneficiar ao conxunto da sociedade, inducen a irresponsabilidade e a ineficacia, cando non enriquecen aos mais ricos, a costa do medio ambiente e do erario público.”

“ Si distinguimos claramente a **auga-vida**, en relacións cos dereitos humanos, a **auga-servizo público**, en relación cos valores sociais de interese xeral, e a **auga-negocio** nas actividades lexítimas, podemos deseñar e asumir axeitados criterios de xestión para uns e outros casos.”

“ A auga nas súas **funcións básicas de alimento e hixiene**, ..., nas súas funcións básicas de saúde ecolóxica sostible dos ecosistemas acuáticos continentais, **implica valores esenciais de vida que deben ser garantidos a todas as persoas e comunidades**, incluíndo as xeracións futuras. Por elo, **os dereitos derivados destas funcións deben entrar de cheo no rango dos dereitos humanos**, asinándolles o nivel de prioridade máxima para garantilos baixo a **responsabilidade de Gobernos e Institucións Internacionais**.”

A auga na súa función básica de alimento e hixiene debe entrar de cheo no rango dos dereitos humanos e a responsabilidade de garantilos ten que ser pública

A provincia de Sevilla é un bo exemplo de xestión pública e responsable das augas, que inclúe todo o ciclo das auga. Amais dunha xestión modélica na súa provincia o Consorcio axuda a xestión de servizos públicos de auga noutros países como Arxelia ou o Sahara.

-A SITUACIÓN EN GALIZA-

Dende a recente aprobación da Lei de Augas de Galicia, o 9 de novembro de 2010, polo Parlamento galego, introdúcense dous factores novos en canto a xestión e privatización das augas:

- 1.- Que **a Xunta cede todas ás súas competencias en materia de augas a unha empresa, de aparencia pública, que se xestionará como unha empresa privada.**
- 2.- Introdúcese o concepto de **privatización por apropiación do elemento auga**, de

todas as augas: as soterradas, as superficiais, a da choiva, as doces e as salgadas. Que de ser usadas **terán prezo**, independentemente da distribución ou saneamento.

Neste caso tamén se argumenta a calidade das augas e o feito de que é un ben escaso para apropiarse de toda a auga.

Non podemos esquecernos ao falar de auga do papel de País produtor de enerxía que dende antigo nos asignaron e nos asinan os poderes políticos e económicos.

E neste sentido enmarcamos a Lei de Augas de Galicia dentro da arquitectura do poder, deste poder da especulación onde as persoas non contamos, contan os mercados. Neste modelo no que tamén se inclúe a proposta de Directrices de Ordenación do Territorio (que está en debate parlamentario) como unha agresión ao que entendemos como Galiza. Tamén a desprotección do Solo de Especial Protección Agropecuaria que acaba de aprobar o Parlamento na lei de acompañamento dos orzamentos para o 2011. Estamos ante unha agresión a Galiza e aos dereitos dos galegos, sen precedentes.